

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 05 de outubro de 2022, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (lotes 3, 4 e 7)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 19 de setembro de 2022, en cumprimento do acordado na sesión do 15 de setembro, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN (Lotes 3 e 7)
2. PANADERÍA EL TRIGAL CELTA (Lote 4)

Durante o prazo concedido só presentou documentación GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, da que se deu traslado ao servizo xestor.

A xefa do Departamento de Alcaldía o 28 de setembro de 2022 emitiu informe sobre a xustificación presentada.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

1. GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN (Lotes 3 e 7)
2. PANADERÍA EL TRIGAL CELTA (Lote 4)

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (lotes 3, 4 e 7)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe da xefa do Departamento de Alcaldía do 28 de setembro de 2022:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/10/2022 09:13	Páxina 1 de 3
19157-101	CSV: A5AFB8-2EC6B2-DE8H5B-DZE7Z2-68RG3V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN (Lotes 3 e 7)
2. PANADERÍA EL TRIGAL CELTA (Lote 4)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) na seguinte orde descendente:

- LOTE 3 SERVIZO DE CATERING PARA APERITIVO OU CÓCTEL CON DOCES

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	LUCIMARCA, S.L	30,00
2	PANADERIA EL TRIGAL CELTA	00,00

- LOTE 4 SERVIZO DE CATERING PARA VINO ESPAÑOL

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN	100,00
2	LUCIMARCA, S.L	14,32

- LOTE 7 SUBMINISTRO DE AUGA EMBOTELLADA PARA ACTOS, EVENTOS E REUNIÓN

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	LUCIMARCA, S.L.	100,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LUCIMARCA, S.L. (lotes 3 e 7) (B-66.000.498) e GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (lote 4) (B-27.847.508), para que presenten, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Dado que GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. xa presentou documentación para os lotes 1, 2, 5 e 6 nos que resultou clasificado en primeiro lugar, unicamente deberá presentar a garantía definitiva e o nomeamento do delegado deste lote conforme ao modelo do Anexo IV do PCAP)“.

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/10/2022 09:13	Páxina 2 de 3
19157-101	CSV: A5AFB8-2EC6B2-DE8H5B-DZE7Z2-68RG3V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

[https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?
lang=gal](https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/10/2022 09:13	Páxina 3 de 3
19157-101	CSV: A5AFB8-2EC6B2-DE8H5B-DZE7Z2-68RG3V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		